

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE  
EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA.

**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS**

## ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN
2	OBJECTO DO CONCURSO
3	PARTICIPANTES
4	FASES
5	INSCRIPCIÓN, CONSULTAS E PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS
6	DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR
7	XURADO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO
8	CRITERIOS DE VALORACIÓN
9	PREMIOS
10	PROPIEDAD INTELECTUAL
11	ANONIMATO
12	CALENDARIO DO CONCURSO
13	CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN
14	DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS
15	INCOMPATIBILIDADES
16	EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS
17	PRERROGATIVAS DE ENCE
18	RESOLUCIÓN DOS CONFLICTOS

## 1 INTRODUCCIÓN

Ence, como entidade privada, convoca un concurso de ideas no que se propoñan actuacións na súa fábrica de Lourizán que conduzan á redución do seu impacto visual e que integre ao máximo a instalación industrial no contorno natural, amosando unha imaxe de progreso e desenvolvemento económico e tecnolóxico respectuoso co medio ambiente, máis acorde coa realidade industrial de Lourizán, coa súa evolución dos últimos anos e as súas potencialidades de futuro.

Por todo iso, considera que para poder dispoñer das mellores ideas que permitan acadar os obxectivos que se pretenden nesa intervención, debe fomentarse a ampliación do abano de propostas no seu número e nas súas características, mediante a actuación por concurso de profesionais expertos en arquitectura e paisaxe.

## 2 OBXECTO DO CONCURSO

É obxecto do presente concurso de ideas con intervención de xurado a selección dun anteproxecto que propoña unha solución para a integración arquitectónica e paisaxística da fábrica de Ence en Lourizán. A devandita solución poderá servir de base ao proxecto das obras, sempre que a entidade convocadora o estime posible e se reúnan ademais os requisitos administrativos necesarios. Os detalles de programa de necesidades quedan reflectidos no Prego de Prescricións Técnicas xunto.

Trátase dun concurso aberto e anónimo, no que as propostas se identificarán mediante lemas, que se rexerá polo disposto nestas bases e baixo os principios de transparencia e participación.

O concurso ten carácter privado, e desenvolverase en dúas fases, a nivel anteproxecto, estabelecéndose premios en metálico nos termos que se especifican no epígrafe 9.

É postestade da entidade convocadora (Ence) a adxudicación ao gañador, do

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE  
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

[secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)

contrato de servizos para a redacción de proxecto ou dirección das obras resultado do concurso, que podería abranguer:

- Redacción do proxecto básico e de execución.
- Redacción do estudo de seguridade e saúde.
- Dirección de obra (arquitecto e arquitecto técnico).
- Coordinación de seguridade e saúde.

### **3 PARTICIPANTES**

Poderán participar na licitación deste contrato arquitectos e arquitectas, españois ou estranxeiros, e todos cantos reúnan os requisitos técnicos, que teñan capacidade plena de obrar e que non estean incursos nunha prohibición de contratar.

Aqueles que reúnan as condicións requeridas poderán participar individualmente ou formando equipos multidisciplinares.

Contéplase tamén a participación, nas mesmas condicións, de persoas xurídicas, cuxos fins sociais correspondan co obxecto do concurso, a condición de que o director do equipo ou o encargado de dirixir os traballos sexa un arquitecto.

Cada participante só poderá formar parte dun único equipo, xa sexa como titular ou como colaborador, e só poderá presentar unha proposta.

Non poderán concorrer a este concurso aquelas persoas físicas ou xurídicas que tivesen participado, no seu caso, na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, así como os membros do xurado.

### **4 FASES**

O desenvolvemento do concurso establécese en dúas fases. Na primeira, seleccionaranse un máximo de 5 traballos. Levantarase acta do resultado e

comunicarase a selección de finalistas mediante a publicación dos lemas na páxina web do concurso.

O Xurado poderá emitir comentarios críticos ou propostas de mellora dos cinco proxectos seleccionados, que serán recollidos polo Secretario e publicados na web do concurso xunto cos lemas correspondentes, para que cada premiado considere a posibilidade de incorporar as devanditas propostas ao seu proxecto na segunda fase do concurso.

En ningún caso se establecerá unha relación directa entre os membros do Xurado, da Secretaría do Concurso ou do organismo convocador e os concursantes seleccionados, co fin de preservar o anonimato dos autores.

Na segunda fase seleccionarase un proxecto gañador e establecerase a orde dos premiados.

## **5 INSCRICIÓN, CONSULTAS E PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS.**

Non será precisa inscrición previa, a mera presentación da documentación establecida na cláusula 6 abondará para se presentar ao concurso.

A documentación que se lles facilitará aos concursantes conterá, ademais do presente prego de condicións administrativas, os anexos para inscrición e identificación de concursantes, un prego de condicións técnicas e a información gráfica e legal relacionada no devandito prego.

A documentación completa do concurso e as súas posibles actualizacións atoparase na páxina web do concurso dende o momento do seu lanzamento e poderá ser consultada libremente por calquera interesado.

Até o día 18/01/2013 poderánse realizar consultas, sempre por escrito, dirixidas ao correo electrónico da oficina de Concursos ([secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)). A relación completa e anónima das consultas e

aclaracións realizadas será publicada na páxina Web do concurso o 01/02/2013.

A listaxe de preguntas e respostas, xunto coas bases completas, será facilitada no momento da constitución do Xurado do concurso. As consideracións que se deriven destas consultas terán carácter de obrigada observación para o Xurado.

As propostas presentaranse no enderezo da entidade convocadora:

Secretaría Concurso Arquitectónico  
Marisma de Lourizán, s/n  
36153 , Pontevedra

Correo electrónico: [secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)  
Web: [www.encepontevedra.com](http://www.encepontevedra.com)

A documentación poderase entregar:

Na man, en horario de 9.00 a 14.00h, no devandito enderezo. As datas para a entrega das propostas son:

Primeira fase	03/05/13
Segunda fase	05/07/13

No mesmo horario sinalado.

Por correo ou mensaxería, nun paquete pechado que se enviará ao enderezo postal indicado nas bases. Serán admitidas todas as propostas depositadas en Correos ou empresas de mensaxería que cheguen até cinco (5) días naturais

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

[secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)

despois da data límite para a presentación de propostas, a condición de que concorran as dúas circunstancias seguintes:

a) que o seu envío se tivese imposto por correo certificado antes da fin do prazo.

b) que o seu envío se tivese notificado tamén antes da fin do prazo mediante correo electrónico, con indicación dun número de referencia de imposición que permita identificalo, e o lema da proposta.

Os paquetes deberán ser enviados libres de cargas ou reembolso de ningún tipo. Ence non asumirá custos nin trámites de ningún tipo en concepto de mensaxería ou similares, e non aceptará polo tanto envíos que cheguen nesas condicións.

Non será admitida ningunha proposta que non tivese sido formalizada non termos establecidos, tanto en relación coa documentación como ao prazo e forma de entrega.

Rematado o prazo de entrega, o Secretario do Concurso levantará a acta de recepción na que se consignará o número de traballos recibidos e os seus lemas, que se publicará na Web da Secretaría do Concurso. Así mesmo, os sobres nº 3 (mencionado no apartado seguinte) serán custodiados polo Secretario do concurso até o momento da súa apertura en acto público.

## 6 DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

### Primeira Fase.

Presentarase en tres sobres co lema como única identificación no exterior.

**SOBRE 1:** Un máximo de tres paneis DIN-A1 maquetados en vertical e montados en taboleiro de cartón pluma, no que figurará o lema elixido polo

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE  
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

[secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)

concurante na parte superior dereita. Presentarase tamén unha colección de láminas en formato A3 sen soporte ríxido reproducindo o contido dos paneis.

Os planos representarase a escala definida e de uso común e incluírase escala gráfica. Admitirase calquera expresión gráfica que permita explicar a proposta, incluíndo no seu caso memoria de intencións e parámetros básicos da proposta, sempre que quede estritamente contida nos paneis.

**SOBRE 2:** Documentación en CD: Incluído noutro sobre diferente, identificado exteriormente mediante o mesmo lema ca os paneis, xuntarase un CD que conterá:

Reproducción dos paneis en formato de imaxe JPG, PDF ou TIFF e unha resolución de 300 dpi. Os arquivos nomearanse co lema elixido e procurarase que teñan un tamaño non maior de 5 MB.

Dossier escrito, cunha extensión máxima de dez (10) páxinas en tamaño A4 e formato DOC, que conterá unha descrición da solución aportada, exclusivamente escrita, sen esquemas nin debuxos adicionais.

Os arquivos emplearanse en posibles publicacións (agás indicación expresa en contra e no caso dos proxectos non seleccionados) e para realizar unha compilación de todas as propostas presentadas que poderá facilitarse a todos os membros do Xurado con anterioridade ás súas deliberacións, para o seu estudo detallado.

Non se deberá introducir o CD no sobre de documentación administrativa xa que non sería aberto, por comprometer a garantía de anonimato do concursante. A presentación do CD dentro do sobre de identificación suporá que nin o comité técnico nin o Xurado disporán da documentación gráfica e escrita contida nel até a apertura do Sobre 3.

**SOBRE 3:** Documentación administrativa. Nun sobre pechado sen máis identificación exterior que o lema e o título do concurso (CONCURSO DE



IDEAS A NIVEL ANTEPROXECTO PARA A INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA), entregarase a seguinte documentación:

Boletín de inscrición identificando aos participantes, segundo o modelo que se xunta no anexo 1 a estas bases.

Declaración responsable de non se atopar en causa de incompatibilidade para contratar con Ence, segundo o modelo que se xunta no anexo 2 destas bases. Deberá achegar declaracións individuais de todos os coautores da proposta.

Declaración responsable de cumprimento das condicións de titulación requiridas para participar, segundo o modelo que se xunta no anexo 3 a estas bases. Deberá achegarse declaracións individuais de todos os coautores da proposta.

### Segunda Fase.

Presentarase un único sobre co lema como única identificación exterior contendo:

Un máximo de 3 paneis tamaño DIN-A1 (594mm x 840mm) maquetados en vertical e montados en taboleiro lixeiro de cartón pluma.

Valorarase especialmente a incorporación nesta segunda fase das propostas de mellora ou comentarios emitidos polo Xurado na finalización da primeira fase de selección de finalistas.

Nesta fase, a documentación deberá completarse de forma que a proposta poida ser claramente comprendida e interpretada polo xurado.

Memoria: dossier escrito (máximo 20 páxinas DIN-A4) que conterá unha descrición da proposta, así como a xustificación das solucións construtivas aportadas e do importe estimado das obras.

CD con reprodución dos paneis, en formato de imaxe JPG, PDF ou TIFF, e copia da memoria nun arquivo formato DOC.

Colección de láminas en formato A3 sen soporte ríxido reproducindo o contido dos paneis.

## **7 XURADO: NORMAS DE FUNCIONAMENTO**

O xurado estará composto por 6 membros con dereito a voto integrado por representantes de Ence e profesionais de recoñecido prestixio no eido da arquitectura ou o paisaxismo. No caso de empate nas deliberacións do Xurado, o presidente do mesmo terá voto de calidade.

### Serán funcións do Xurado:

- A análise da documentación e a admisión definitiva dos traballos.
- A proposta razonada de exclusión daqueles traballos non admitidos, que se recollerá na acta, e poderá deberse:
  - a) á entrega fóra de prazo ou sen axustarse ao establecido nas bases do concurso;
  - b) á insuficiencia da documentación para a adecuada valoración das propostas;
  - c) ao quebrantamento do anonimato, ben por ter desvelado a autoría por calquera medio, ben por presentar elementos gráficos identificativos da identidade do autor da proposta;
  - d) a calquera intento de influír nos membros do xurado, debidamente acreditado.

- A análise das propostas presentadas e a valoración das mesmas, podendo recadar a tal efecto os asesoramentos que estime oportunos.
- A vixilancia e o cumprimento do anonimato rigoroso co que se deberá examinar a documentación.
- A proposta de resolución definitiva, que deberá ser razonada.

O Secretario do Xurado levantará unha acta de todas as actuacións e reunións efectuadas.

#### Procedemento para o fallo do concurso:

A proposta de resolución do concurso será motivada, tendo en conta os criterios establecidos no epígrafe 8.

De cada sesión que se celebre se levantará polo secretario acta sucinta, comprensiva dos acordos acadados e dos restantes aspectos de relevancia.

Na primeira fase procederase ás deliberacións do xurado, que se reunirá tantas veces como considere preciso, rematando esta coa selección de traballos para pasar á seguinte fase.

Na segunda fase do concurso, iniciarase un novo proceso no que se procederá ás reunións precisas para a determinación da proposta gañadora e traballos premiados. Este proceso rematará en reunión plenaria, coa selección do traballo gañador e determinación da orde dos traballos premiados.

Unha vez realizada a proposta polo Xurado, procederase á apertura en acto público do sobre nº 3, aos efectos de identificar aos equipos seleccionados.

Con carácter previo á resolución comprobarase o cumprimento dos requisitos establecidos no presente prego. Se algún dos seleccionados non acreditase todos os extremos precisos, outorgaráselle un prazo de 10 días hábiles para

emendar a documentación presentada e, de non o facer, declararáselle excluído do proceso. Neste caso o Xurado reformulará a proposta de resolución.

O Xurado colexiadamente exporá, e así quedará recollido na acta, os motivos polos cales considera que as propostas premiadas, tanto en primeira como en segunda fase, son merecedoras diso. O xurado poderá declarar deserto o concurso se de forma colexiada e por maioría así o decidise.

O concurso de ideas resolverase mediante acordo do Presidente de Ence, a proposta do xurado.

#### Publicidade do fallo:

O Xurado anunciará a asignación motivada de premios en data por determinar. A Secretaría do concurso publicará na páxina web do concurso, á súa vez os lemas seleccionados na orde determinada polo Xurado, identificando en primeiro lugar o lema gañador do concurso.

## **8 CRITERIOS DE VALORACIÓN.**

A valoración das propostas centrarase na súa calidade global, estudada dende a complexidade específica do concurso, tendo en conta, entre outras:

- A adecuación da proposta ás instalacións existentes e ás esixencias da intervención.
- A calidade arquitectónica da proposta (expresión formal, comprensión dos valores culturais, presenza e representatividade da intervención arquitectónica).
- Viabilidade técnica, económica e construtiva da proposta.
- Criterios de sostibilidade e eficiencia enerxética, así como de mantemento.
- Equilibrio entre a calidade arquitectónica da proposta e o seu custo económico, valorándose especialmente os deseños e propostas que

conduzan a minimizalo.

## 9 PREMIOS

Establécense os seguintes premios:

Primeiro premio:	40.000 €.
Segundo premio:	15.000 €.
Un máximo de 3 accésits de	2.500 € cada un.

As cantidades anteriores xa inclúen o IVE, e sobre as mesmas, practícaranse as retencións que procedan. Os pagamentos efectuaranse mediante transferencia bancaria, e terán o carácter de contraprestación pola cesión dos dereitos segundo o establecido no epígrafe 10.

O concurso poderá declararse deserto en calquera dos seus premios se a xuízo do Xurado non existen traballos que respondan adecuadamente e coa necesaria calidade aos obxectivos do concurso.

## 10 PROPIEDAD INTELECTUAL

O concursante gañador cederá en exclusiva a Ence os dereitos de explotación do anteproxecto premiado.

Respecto dos restantes traballos premiados, os autores cederán a Ence os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública, para os efectos de que poida divulgar o resultado do concurso, incluída a posibilidade de editar, no formato que considere oportuno, unha guía recopilatoria dos traballos premiados, así como organizar unha exposición pública dos mesmos.

## 11 ANONIMATO

O lema requerido para a documentación técnica e o sobre que conteña o boletín de identificación será libremente elixido polos participantes, sen

limitación de formato, e será empregado tanto na primeira como na segunda fase do concurso.

No exterior do sobre de documentación administrativa (sobre nº 3) indicarse, de forma clara, se no caso de non resultar premiado o concursante prefire permanecer no anonimato, tanto na exposición pública dos traballos como na súa posible publicación en papel ou na Web.

O material recibido será desempaquetado e preparado para o seu exame por persoas totalmente alleas ao Xurado, que coidarán que non se crebe o anonimato das propostas, facendo desaparecer toda referencia ao remitente que puidera existir nas embalaxes dos paquetes ou nos albarás de envío.

## 12 CALENDARIO DO CONCURSO

ANUNCIO	DO	17/12/12
CONCURSO		
PRAZO LÍMITE PARA A		18/01/13
RECEPCIÓN	DE	
CONSULTAS	DE	
PARTICIPANTES		
CONTESTACIÓN	DE	01/02/13
CONSULTAS	DE	
CONCURSANTES		
PRESENTACIÓN	DE	03/05/13
PROPOSTAS. PRIMEIRA		
FASE		

SELECCIÓN DE PROPOSTAS PARA A SEGUNDA FASE	03/06/13
PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS PARA A SEGUNDA FASE	05/07/13
FALLO DO CONCURSO	19/07/13

### 13 CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN

Ence, se o estima oportuno, poderá decidir a adxudicación ao gañador do concurso o contrato de servizos de redacción de proxecto (básico e de execución), dirección de obra (Arquitecto e Arquitecto Técnico), así como coordinación de seguridade e saúde.

A contratación destes traballos entrarán dentro do eido mercantil privado. Os traballos contratados serán executados baixo a supervisión de Ence, e deberán contar coa súa aprobación expresa, conforme aos procedementos que no seu momento se habiliten.

### 14 DEVOLUCIÓN DOS TRABALLOS

Os concursantes terán dereito a retirar os traballos admitidos durante o prazo dun mes, a partir do cal a Secretaría do Concursos poderá proceder á destrución dos mesmos. O comezo do prazo para a retirada dos traballos comunicárase mediante a páxina web do concurso.

### 15 INCOMPATIBILIDADES

Non poderán tomar parte do concurso os que se encontren en situación de incompatibilidade profesional ou legal respecto do traballo obxecto do mesmo, nin os que se atopen en causa de incompatibilidade de contratar con Ence.

Non poderán desempeñar a función de Xurado os que se encontren nalgunha destas situacións:

- quen garde con algún dos concursantes relación de asociación profesional permanente e actual, que determine un deber legal ou deontolóxico de abstención.
- quen teña con calquera dos concursantes, cos administradores de entidades ou sociedades que concursen e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, parentesco de consanguineidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo.

## 16 EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS

Unha vez resolto o Concurso, todos os traballos presentados e admitidos poderán ser reproducidos por Ence, expostos ao público, e retidos con tal fin até a finalización da exposición. A devandita exposición será anunciada a través da páxina web do concurso. Tamén poderán ser obxecto dunha publicación na que se farán constar os nomes dos autores.

Os concursantes poderán optar por non autorizar a publicación ou a exposición das súas propostas en caso de non resultar premiados, para o que deberán indicar no exterior do sobre de identificación a devandita opción.

## 17 PRERROGATIVAS DE ENCE

É potestativo de Ence decidir a adxudicación do contrato de servizos profesionais para o desenvolvemento do proxecto e dirección de obra.

No suposto anterior, Ence poderá esixir ao equipo ou persoa adxudicataria que inclúa no desenvolvemento do proxecto as suxestións que poidan aparecer como resultado do exame e a resolución do Xurado, e aquelas modificacións que estime oportuno como promotor da obra e que poida sinalar con posterioridade.





Energía y Celulosa

Secretaría Xeral do Concurso

No caso de que Ence optase pola non execución da obra conforme ao anteproxecto gañador, non se devindicará dereito a indemnización de ningún tipo.

Ence ten a facultade de resolver cantas cuestións se susciten durante o desenvolvemento do concurso, sobre a interpretación, modificación e efectos das presentes Bases.

## **18 RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS**

Para as controversias ou litixios que xurdisen como consecuencia da interpretación, modificación, resolución ou efectos deste concurso entenderanse sempre sometidos á xurisdición dos Tribunais competentes con sede en Madrid.

Madrid, 04 de nadal de 2012

CONCURSO DE IDEAS A NIVEL DE ANTEPROXECTO PARA A  
INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA E PAISAXÍSTICA DA FÁBRICA DE  
ENCE EN LOURIZÁN, PONTEVEDRA

[secretariaconcurso@ence.es](mailto:secretariaconcurso@ence.es)

**ANEXO 1**

**BOLETÍN DE INSCRICIÓN**

D. /D<sup>a</sup>. .....  
DNI .....

Colexiado no Colexio Oficial de .....

Domiciliado en .....  
Poboación .....  
Código Postal .....

Tfno. Fixo  
Tfno. Móbil  
Fax.

Correo electrónico .....

Actuando no nome propio ou en representación de:  
.....

CIF .....  
Poboación .....  
Domicilio .....  
Código Postal .....

EQUIPO INTEGRADO POR (INDICAR TITULACIÓN OU GRAO DE COLABORACIÓN E SINATURAS DE CADA MEMBRO DO EQUIPO QUE DEBERÁ ACHEGAR DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON FORMAR PARTE DOUTRA PROPOSTA):

---

---

---

---

---

---

---

---

---

---



Energía y Celulosa

## ANEXO 2

### MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. \_\_\_\_\_, con documento nacional de identidade número \_\_\_\_\_, actuando no meu propio nome e Dereito ou en representación de \_\_\_\_\_, na miña condición de \_\_\_\_\_ (administrador, apoderado, etc.), segundo queda acreditado por escritura pública de data \_\_\_\_\_, en exercicio das facultades que me foron conferidas, suficientes para realizar a presente, declaro o seguinte:

Primeiro.- Non estar incurso en ningunha incompatibilidade para ...

Segundo.- A aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego.

(Data e Sinatura do declarante)

### ANEXO 3

#### TITULACIÓN

D. \_\_\_\_\_, con documento nacional de identidad número \_\_\_\_\_, actuando no meu propio nome e Dereito ou en representación de \_\_\_\_\_, na miña condición de \_\_\_\_\_ (administrador, apoderado, etc.), segundo queda acreditado por escritura pública de data \_\_\_\_\_, en exercicio das facultades que me foron conferidas, suficientes para realizar a presente, declaro o seguinte:

Primeiro.- Contar coa titulación.....

(Data e Sinatura do declarante)